

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN DE CENTROS TECNOLÓXICOS DE GALICIA PARA FOMENTAR A TRANSFERENCIA E INTERNACIONALIZACIÓN DA I+D+I DESENVOLVIDA EN GALICIA.

En Santiago de Compostela, a 21 de novembro de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, D. JUAN MANUEL VIEITES BAPTISTA DE SOUSA, en calidade de Presidente da Xunta Directiva da Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (en adiante, ATIGA) actuando en nome e representación desa entidade, en virtude do seu nomeamento, efectuado por acordo da Asemblea Constituinte da asociación en reunión celebrada o 27 de xaneiro de 2012 e facultado para a sinatura do presente documento en virtude das atribucións que figuran no artigo 25 dos estatutos de dita asociación.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro). Encóntrase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica

propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

GAIN ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Entre as funcións da Axencia está o desenvolvemento de programas de apoio aos grupos de investigación e centros tecnolóxicos para que incrementen os seus resultados e o de promover a progresiva internacionalización dos axentes do Sistema Galego de Innovación, entre os que se atopan os centros tecnolóxicos de Galicia, e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.

SEGUNDO

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

O Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. Entre os programas cadro da RIS3 Galicia está o programa *Galicia Transfire* que aglutina os instrumentos dirixidos a fomentar a transferencia da investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento, como principais artífices do fomento do talento nos sistemas de innovación galegos, cara o mercado nun marco de innovación aberta.

TERCEIRO

Que o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 pretende fomentar un modelo de crecemento económico baseado na innovación e no capital humano, que favoreza unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e o benestar dos galegos. Entre os seus obxectivos transversais está o *Impulso da cultura de Innovación* e ao igual que establece a RIS3 Galicia, para o logro dese obxectivo define como unha das súas actuacións principais o fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.

CUARTO

Que a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA), constituída no ano 2012 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, é unha entidade sen ánimo de lucro con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

Constitúe o obxecto da asociación, conforme ao sinalado no artigo 6 dos seus estatutos, favorecer a cooperación entre os seus asociados, potenciar a relación cos demais axentes do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación, impulsar políticas adecuadas para o seu desenvolvemento e prestar servizos de alto valor engadido aos seus membros.

Segundo o artigo 9 dos citados estatutos, poderán ser membros da asociación os centros tecnolóxicos cuxa sede radique na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente da forma xurídica na que os mesmos se atopen constituídos, co requisito inescusable de acreditar a condición previa de estar recoñecidos e rexistrados como centro tecnolóxico conforme ao Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro, polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de ámbito estatal e se creo o rexistro de tales centros (modificado polo Real Decreto 652/2011, de 9 de maio). Son fins principais dos centros tecnolóxicos de ámbito estatal, conforme ao sinalado no artigo 3 do citado Decreto, contribuír á xeración de coñecemento tecnolóxico e a súa aplicación para o desenvolvemento e fortalecemento da capacidade competitiva das empresas no ámbito da tecnoloxía e a innovación.

Na actualidade son membros da asociación: ANFACO-CECOPECA, AIMEN, CTAG, GRADIANT, ENERGYLAB e ITG.

ATIGA ofrece soporte científico-tecnolóxico a practicamente todos os sectores estratéxicos da economía galega: mar-industria, alimentación, metal-mecánico, naval, automoción, aeronáutico, transporte, TIC, audiovisual, acuicultura, biotecnoloxía, sanitario, turismo, enerxético, químico e educativo.

Un dos obxectivos desta alianza tecnolóxica intersectorial é a participación conxunta en grandes proxectos consorciados así como en plataformas e foros tecnolóxicos, á vez que propiciar maiores oportunidades de actuación no ámbito internacional co fin de impulsar a competitividade e a excelencia tecnolóxica das empresas galegas.

QUINTO

Que a innovación é un dos factores clave para incrementar a competitividade das empresas e neste punto é decisivo o papel que desempeñan os centros tecnolóxicos como focos de innovación e transferencia tecnolóxica, acompañando á industria na incorporación de procesos innovadores e no lanzamento de novos produtos.

ATiGA aporta soporte científico á maioría dos sectores estratéxicos da economía galega, reunindo as condicións necesarias para facilitar a atracción e captación de investimentos; actuando como referencia tecnolóxica do tecido produtivo galego, especialmente das PEMES; e impulsando a súa internacionalización.

A Xunta de Galicia aposta por unha innovación aberta, que promova a cooperación e a transferencia de resultados dos centros tecnolóxicos ao mercado. Neste sentido, considera prioritario seguir identificando, en colaboración con ATiGA, proxectos concretos que permitan aproveitar as oportunidades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia – RIS3.

Tendo en conta o anterior, GAIN, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a ATiGA en reforzar o papel tractor dos seus centros tecnolóxicos, impulsando, así, un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento e apostando pola transferencia real de resultados de investigación ao tecido empresarial, contribuíndo con elo a reforzar o papel dos mesmos como axentes dinámicos e flexibles con fortes capacidades en investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación, con cultura emprendedora e creativa e capacidade de acompañar ás empresas nos procesos de internacionalización e favorecer coa súa labor a capitalización do coñecemento e a xeración de valor.

É intención da Axencia Galega de Innovación continuar a colaboración con ATiGA, iniciada con convenio asinado entre as partes o 3 de setembro de 2015 e vixencia ata o 31 de decembro de 2016, no desenvolvemento de actividades que redunden no impulso e potenciación da alianza dos centros tecnolóxicos de Galicia para contribuír a maximizar o valor aportado e incrementar a competitividade no

ámbito industrial e empresarial a través da xeración de sinerxías para potenciar a excelencia na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.

SEXTO

Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral para a promoción económica, a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia e están en consonancia coas medidas de apoio a transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta establecidas na RIS3 Galicia e no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio e as especiais características de ATIGA como a alianza tecnolóxica intersectorial de Galicia que aglutina aos centros tecnolóxicos galegos con recoñecemento estatal, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre Axencia Galega de Innovación e Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) para a realización das actividades que se detallan no Anexo I e que se resumen nas seguintes liñas de actuación:

- Impulsar a participación das empresas galegas nos proxectos e redes tecnolóxicas europeas, optimizando o retorno do Horizonte 2020.
- Fomentar e impulsar actuacións que contribúan á internacionalización do sistema galego de I+D+i e a súa visibilidade.
- Promoción e difusión de ATIGA, das tecnoloxías emerxentes dentro do concepto industria 4.0 e do potencial dos centros tecnolóxicos para axudar o tecido empresarial para implantalas

- Favorecer tanto a formación e motivación do capital humano existente como a incorporación de novo talento que permita mellorar a competitividade dos centros tecnolóxicos integrados en ATIGA

SEGUNDA: Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollido no Anexo II e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2017 e a data límite de xustificación da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo do orzamento, se aceptarán modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que no supoñan minoracións en ningún destes conceptos/actividades superiores ao 10% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables e no seu caso das outras actividades.

A petición de ATIGA e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións superiores ao 10% entre os diferentes conceptos subvencionables e entre as diferentes actividades recollidas no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posible sempre e cando non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acoillida ao réxime de exención do IVE

TERCEIRA: Condicións económicas

- As actividades obxecto do presente teñen un custo estimado de 100.000,00 €, para o que a Axencia Galega de Innovación, concede unha subvención a fondo perdido de 53.400,00 € con

cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.781.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2017:

	ANO 2017 (€)
Orzamento total	100.000,00
Axuda GAIN	53.400,00
% Axuda	53,40 %

A axuda de GAIN poderá financiarse con cargo ao préstamo que a Administración xeral do Estado concedeu á Xunta de Galicia a través do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad para o desenvolvemento en Galicia da Estratexia Española de Innovación.

- A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto os límites establecidos no artigo 7 do citado artigo 27 en canto a persoas ou entidades coas que non se pode concertar a subcontratación.

Así mesmo, o artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.
- Que a súa subscripción a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito
- A tramitación e contratación das obras ou equipamentos será realizada pola entidade conforme a normativa de aplicación, e no caso de que a entidade beneficiaria reúna os requisitos previstos no artigo 3.3 b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público terá consideración de poder adjudicador, e polo tanto, deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

O custo total das subcontratacións poderá alcanzar o 50% do custo elixible da actividade.

- De acordo co establecido no artigo 29 3 da citada Lei 9/2007, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para el contrato menor, el beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que por as súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.



A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontractadas.

- Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e ao importe equivalente a axuda en especie percibida e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño)

CUARTA: Compromisos

ATIGA comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co gallo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Contabilizar de forma separada a súa actividade económica e non económica de modo que se poida distinguir con claridade entre ambos os dous tipos de actividades e entre os seus respectivos custos e financiamento.

O proxecto financiado ao abeiro deste convenio, dedicarase exclusivamente a actividades de carácter non económico, o que deberá ter o seu reflexo na contabilidade separada,



citada no parágrafo anterior, de modo que se cumpra o establecido no Marco Comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (DOUE 27.06.2014 C198/1).

- Comunicar a Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.
- Dar consentimento expreso á GAIN para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á GAIN para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolven.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose a estes efectos o período de afección dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.
- Subministrar toda a información necesaria para que GAIN poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación e polo Ministerio de Economía, Industria y Competitividad no marco da Estratexia Española de Innovación en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización dos correspondentes logotipos identificativos.

QUINTA: Condicións de pagamento

Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o importe da subvención de GAIN estipulada neste convenio será aboada a ATIGA, previa xustificación dos gastos e pagos realizados pola totalidade do gasto, conforme ao sinalado a continuación:

	ANO 2017
Axuda GAIN	53.400,00 €
Orzamento total	100.000,00 €
Período realización gastos e pagos	01/01/2017
	15/12/2017
Data límite presentación documentación xustificativa	15/12/2017

De non xustificar o orzamento total indicado na táboa, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se acadara o obxecto do presente convenio.

Para a xustificación do pago, ATIGA, achegara a documentación que se relaciona na cláusula seguinte acompañada dun informe/memoria dos resultados obtidos e das actividades desenvolvidas.

O pagamento realizarase unha vez comprobada a axeitada xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA: Forma de xustificación

A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a achega da seguinte documentación con arreglo ao disposto no artigo 48 do Decreto 11/2009:

1. Unha Memoria de Actuación xustificativa do cumprimento de cada unha das actividades obxecto do convenio.

Presentarase un informe detallado para cada unha das actividades con indicación do cumprimento respecto ao planificado e os resultados obtidos, achegando un exemplar da documentación elaborada acompañada dunha copia en formato CD, así como calquera entregable e material gráfico que se obteña no desenvolvemento de cada actividade.

2. Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse unha copia simple da resolución da concesión desas outras axudas.
3. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Memoria Económica xustificativa da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, con identificación do concepto de gasto/actividade, o proveedor, o importe, data de emisión e data de pago.
 - b) Documentación xustificativa do investimento: orixinais ou fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas dos provedores ou documentos de valor probatorio equivalente: con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei. As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado. En aqueles casos nos que a devandita información non sexa suficiente, haberá de aclarar o gasto realizado por outros medios.
 - c) Documentación xustificativa do pagamento: orixinal ou fotocopia compulsada de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificadas mediante recibo do proveedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, xuntarase



dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

- d)** No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.
- e)** Sen prexuízo do indicado nos puntos anteriores, no caso de custos de recursos propios (gastos xerais) xustificaranse ademais cunha memoria detallada das imputacións dos mesmos á actividade correspondente. A memoria irá acompañada dunha certificación asinada polo responsable da entidade e das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- f)** No caso de gastos de viaxes relacionadas coa execución das actividades do convenio deberá achegarse unha certificación das viaxes realizadas, acompañada da documentación acreditativa de realización do gasto.
- g)** No caso de custos de persoal:
 - Certificación dos custos de persoal emitida polo responsable de recursos humanos co visto e prace do responsable de ATIGA, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado as actividades obxecto do convenio, que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto na entidade, retribución bruta e líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo a entidade, data de pagamento da Seguridade Social e custo total imputado (retribucións e seguridade social) segundo a dedicación de cada traballador ás actividades do proxecto.
 - Copia das nóminas do persoal dedicado as actividades do convenio e orixinal ou copia compulsada dos xustificantes bancarios do seu pagamento. Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
 - Boletíns de cotización á Seguridade Social e os seus xustificantes de pagamento (orixinal ou copia compulsada).

- Ademais, no caso de persoal de nova contratación para as actividades do convenio achegarse orixinal ou copia cotexada do contrato de traballo en que poida verificarse esta exclusividade.
- h) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado ATIGA.
- i) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

GAIN resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

SÉTIMA: Compatibilidade con outras axudas

A subvención concedida será compatible con outras axudas ou subvencións, calquera que sexa a súa natureza e a entidade que as conceda, sempre que conxuntamente non superen o custe do total da actuación subvencionada.

Deberase comunicar á GAIN, no seu caso, tanto o importe de ditas axudas como a orixe das mesmas.

OITAVA.- Seguimento e evolución.

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste Convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación, un deles actuará como presidente, e dous representantes de ATIGA, designados a tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propor solucións aos conflitos que puideran xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
3. Propor a GAIN variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (Anexo II), que supoñan minoracións en algún dos conceptos subvencionables superiores ao 10% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.

4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerá en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- CONTROL

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Alteración das actuacións

A petición de ATiGA e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, GAIN poderá autorizar variacións entre os importes asignados a cada un dos conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (anexo II), sempre e cando estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista.

Toda alteración nas accións a realizar, agás as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver por ATiGA ou a ampliación do prazo de execución.

UNDÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades a desenvolver no presente convenio e a

Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DUODÉCIMA.- Autonomía do beneficiario

ATIGA manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, ATIGA será propietario intelectual dos traballos resultantes.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento financiable ou da obriga de xustificación, serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable previsto no convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no convenio, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito ao cobramento da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto ou investimento non xustificada.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo, rexerase polas súas propias cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (artigo 4.1d), se ben se observarán os seus principios para a resolución de dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades de I+D+i de carácter non económico por parte dunha asociación de organismos de investigación e difusión do coñecemento de natureza privada sen ánimo de lucro e a disposición de todo o sector empresarial dun xeito indiscriminado sen que iso supoña beneficio económico para ATIGA, e cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión Europea no Marco Comunitario sobre Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (DOUE C 198, de 27 de xuño de 2014).

Non obstante, se da investigación realizada se derivasen actividades de carácter económico, ATIGA como organismo de investigación beneficiario das axudas deberá reintegrar a subvención recibida na medida da actividade xerada.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que podan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2017, sen prexuízo de que as actividades obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de xaneiro de 2017.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Asociación de Centros
Tecnolóxicos de Galicia

Francisco José Conde López

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

ANEXO I

Obxectivos

O convenio, está orientado a:

- Impulsar a participación das empresas galegas nos proxectos e redes tecnolóxicas europeas, optimizando o retorno do Horizonte 2020
- Fomentar e impulsar actuacións que contribúan á internacionalización do sistema galego de I+D+i e a súa visibilidade
- Promoción e difusión de ATIGA, das tecnoloxías emerxentes dentro do concepto industria 4.0 e do potencial dos centros tecnolóxicos para axudar o tecido empresarial para implantalas
- Favorecer tanto a formación e motivación do capital humano existente como a incorporación de novo talento que permita mellorar a competitividade dos centros tecnolóxicos integrados en ATIGA

Actuacións

- Impulsar a participación das empresas galegas nos proxectos e redes tecnolóxicas europeas, optimizando o retorno do Horizonte 2020:
 - Participación en redes, plataformas e grupos europeos, como EARTO ou a Vanguard Initiative grazas os cales xorden oportunidades varias de participación para empresas tanto en propostas H2020 como en pilotos tecnolóxicos punteiros ligados a S3P (a “Smart Specialization Platform”)
- Fomentar e impulsar actuacións que contribúan á internacionalización do sistema galego de I+D+i e a súa visibilidade
 - Do mesmo xeito que para as empresas a participación en redes, plataformas e grupos europeos, como EARTO ou a Vanguard Initiative permite que os propios CT’S ATIGA participen tamén tanto en propostas H2020 como en pilotos tecnolóxicos punteiros ligados a S3P (a “Smart Specialization Platform”)
- Promoción e difusión de ATIGA, das tecnoloxías emerxentes dentro do concepto industria 4.0 e do potencial dos centros tecnolóxicos para axudar o tecido empresarial para implantalas
 - Difusión en medios de comunicación dos principais aspectos sobre o concepto 4.0, os retos e oportunidades derivados así como do papel dos CT’S ATIGA para axudar a súa implantación

- Favorecer tanto a formación e motivación do capital humano existente como a incorporación de novo talento que permita mellorar a competitividade dos centros tecnolóxicos integrados en ATIGA:
 - Desenvolvemento de accións de formación intercentros en áreas técnicas e de negocio que permitan fortalecer as capacidades de competir dos centros ATIGA

ANEXO II – ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	TOTAL ORZAMENTO PREVISTO (€)
Gastos de persoal propio / adicional de ATIGA: coordinador técnico	35.000,00
Cotas por pertenza a asociacións, redes e/ou plataformas tecnolóxicas de ámbito nacional e internacional	36.151,13
Gastos de viaxe (persoal de ATIGA e representantes de ATIGA)	3.300,00
Gastos xerais (asesoría fiscal, laboral contable e secretaría de ATIGA, funxible oficina, suministros, teléfonos)	8.400,00
Gastos de promoción e difusión da industria 4.0 e do potencial dos CT's ATIGA	4.500,00
Programa de formación: accións de formación intercentros	12.648,87
Total	100.000,00